



**XUNTA DE GALICIA**  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN  
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBAL, 47 - 5.<sup>a</sup>  
TELEF. 986 805 335 - 986 805 436  
36071 - PONTEVEDRA



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMÚN  
PONTEVEDRA  
COTEXADO, É COMPARTE DO ORIXINAL  
Data: 12 MAY 2005  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dicitou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

#### ASISTENTES

##### PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

##### VOCAIS

Dn. Alfonso Castro Carrera  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
D. Manuel Francisco Gutiérrez  
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)  
D. Luis M<sup>a</sup> Muíños Vidueira  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

##### VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE FIOLEDO, CONCELLO DE SALVATERRA

D. José M. Álvarez Lago  
D. Avelino Vidal Fernández

##### SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte  
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día catorce de xullo do 2004, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3<sup>a</sup> planta do edificio sito no n<sup>o</sup> 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Souto, Calvario e outros" da parroquia de Fiolledo, do concello de Salvaterra.

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.**- Mediante escrito con data 13/12/2001, D. Avelino Vidal Fernández como presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Fiolledo, solicitou a clasificación como veciñal en man común das parcelas "Souto e Calvario e 8 mais" a favor da Parroquia de Fiolledo, do Concello Salvaterra do Miño.

**SEGUNDO.**- Con data 14 de decembro de 2001 recíbese no Servizo Montes o expediente para informar sobre a suficiencia da planimetría aportada e se o citado monte se atopa incluído nalgunha das clasificacións existentes. Con data 15 de abril de 2002 remítese a información requerida en onde se sinala que as parcelas 1,2,3,4,5,6,7 e 8 non se atopan clasificadas e con respecto a parcela n<sup>o</sup> 9 resulta imposible pronunciarse de acordo coa cartografía de que se dispón.



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMUN  
PONTEVEDRA  
COTEJADO, E CONFORME CO ORIGINAL  
Data: 2 MAY 2003  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

**TERCEIRO.-** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 9 de maio do 2002 acorda incoar expediente de clasificación das parcelas números 1,2,4,7 e 8 excluindo a incoación das parcelas números 3,5,6 e 9 por "... non acada-la entidade suficiente para ser consideradas como monte veciñal en man común e por non ser susceptibles de aproveitamento veciñal en atención a extensión das mesmas", e nomear instructor a Manuel Francisco Gutiérrez así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes ó obxecto de elaborar o informe preceptivo.

**CUARTO.-** Con data 8 de outubro de 2002 o presidente da Comunidade de Montes de Fiolledo interpón recurso de reposición contra o acordo do Xurado Provincial de data 9 de maio de 2002 polo que se acorda a non incoación das parcelas números 3,5,6 e 9. Desestimándose este recurso por acordo do Xurado de data 20 de febreiro de 2003, notificandollo o interesado e o Concello de Salvaterra do Miño con data 26/02/03.

**QUINTO.-** Con data 12 de marzo de 2003 remítese o expediente ó Servicio de Montes para a elaboración do correspondente informe preceptivo.

Á vista da solicitude e do informe preceptivo describíense os montes a clasificar da seguinte maneira:

**NOME DO MONTE: "Souto e Calvario"**

**Cabida: 5.000 m/2 (superficie alegada na solicitude)**

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Antonio González e Pilar Pérez.

**Sur:** Propiedades particulares de Jesús González e Jorge Méndez.

**Leste:** Estrada asfaltada de Salvaterra a Vilasobroso.

**Oeste:** Propiedades particulares de José

**Descripción:** Inclúense na parcela o denominado Campo da festa e casa da Cultura parroquial; tamén se observa unha antiga fábrica de ladrillos que actualmente úsase como almacén de leña de uso doméstico. Hai un canastro de pedra e madeira en desuso.

**NOME DO MONTE: "Ferrón"**

**Cabida: 3.300 m/2 (superficie alegada na solicitude)**

**Lindes:**

**Norte:** Regato e postes de peche

**Sur:** Muros de peche, estrada e propiedades particulares de Marian Grandal.

**Leste:** Muros de peche e propiedades particulares de Herdeiros de Domingos González

**Oeste:** Regato.

**Servidumes e ocupacións.-** Estrada asfaltada de Fiolledo a Meder e camiño de acceso a fincas.

**Descripción:** Inclúese na parcela os restos dunha antiga construción en pedra (muiño de auga), abandonado e sen uso.



**XUNTA DE GALICIA**  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN  
DE MONTES VECINAIS

BENTO CORBAL, 47 - 5.<sup>a</sup>  
TELEF: 986 806 335 - 986 806 436  
36071 - PONTEVEDRA



REGISTRO DE MONTES VECINAIS  
EN MAN COMUN  
PONTEVEDRA  
COEXADO, É CONFORME CO ORIGINAL  
Data **12 MAY 2005**  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

**NOME DO MONTE: "Cotocapelo"**

**Cabida: 7.600 m/2 (superficie alegada na solicitude)**

**Lindes:**

**Norte:** Camiño asfaltado e propiedades particulares de José Vidal Pérez e Avelino Vidal Fernández.

**Sur:** Pista asfaltada de acceso

**Leste:** Propiedades particulares de M. Esther Alvarez Vidal e Antonio Alvarez Vidal.

**Oeste:** Estrada asfaltada de Fiolledo a Meder.

**Servidumes e ocupacións:** Estrada asfaltada de Fiolledo a Meder e camiño asfaltado de acceso ás casas do barrio.

**Descrición:** Inclúese na parcela unha construción en bloques de cemento aproveitada como almacén.

**NOME DO MONTE: "Rega"**

**Cabida: 7.700 m/2 (superficie alegada na solicitude)**

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Victoria Alvarez Lago e Asunción López.

**Sur:** Propiedades particulares de Dolores Mariño e Rudesinda Mariño.

**Leste:** Propiedades particulares de José Alvarez Blanco, José Estévez Tielas e herdeiros de Jesús Lorenzo Puga.

**Oeste:** Propiedades particulares de Manuel López Tielas e Herdeiros de Jesús Lorenzo Puga.

**Servidumes e ocupacións.-** Varios camiños de acceso a fincas de labradío e a poza da rega.

**Descrición:** Inclúese na parcela unha presa de auga para rega en uso.

**NOME DO MONTE: "Ferreiros"**

**Cabida: 2.700 m/2 (Superficie alegada na solicitude)**

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Jesús Alvarez e Francisco Alvarez

**Sur:** Propiedades particulares de Joaquín Mariño e Preciosa Rodriguez

**Leste:** Propiedades particulares de Consuelo Mariño

**Oeste:** Propiedades particulares de Rudesindo Acuña

**Servidumes e ocupacións:** Camiño de acceso a fincas de labradío e montes.

**SEXTO.-** Con data 08 de abril de 2003 solicítase á Rexistradora da Propiedade de Pontearreas certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión en cumprimento do establecido no artigo 21 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de Montes Vecinais en Man Común. Cumprimentándose con data 9 de maio do 2003.

**SETIMO.-** Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia presentáronse as seguintes alegacións:



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMÚN  
PONTEVEDRA  
COTEJADO É CONFORME CO ORIGINAL  
Data: 12 MAY 2005  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

- Escrito de Belén Raposo Pérez en representación do Concello de Salvaterra do Miño reclamando a parcela "Souto e Calvario" como propiedade do Concello por estar inventariada a favor do citado Concello, no inventario de bens municipais, por figurar inscrita no Rexistro da Propiedade e por existir obras realizadas polo concello entre elas un parque infantil, unha casa de cultura e zonas de esparcemento e aparcamento. Achega informe pericial realizado polo enxeñeiro técnico agrícola Cesar Santiago Esperón.:

**OITAVO.-** Con data 15 de decembro de 2003 remítese alegacións presentada ó presidente da comunidade de Fiolledo para que nun prazo de 15 días alegue o que estime procedente.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Expedientes que se iniciarán, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento da lei 13/89 a instancia, entre outros, de calquera veciño ou grupo de veciños, circunstancia que concorre no solicitante.

**Segundo.-** De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "... as terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

**Tercero.-** A entidade promotora do expediente non achegou proba suficiente para acreditar a existencia do uso comunal nas parcelas 1, 2 e 4 durante as últimas décadas, polo que témonos que basear nos informes emitidos polo Servicio de Montes.

**Cuarto.-** Que solo parcialmente poden ser admitidos os criterios dos comparecentes, polo que deberán ser clasificados como veciñais en man común aqueles en que concorran o aproveitamento comunal consuetudinario e non poden ser clasificados aqueles outros utilizados para fins distintos e incompatibles co uso comunal do vecindario.



XUNTA DE GALICIA  
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN  
DE MONTES VECIÑAIS



BENITO CORBAL, 47 - 5.º  
TELEF. 986 805 335 - 986 805 438  
98071 PONTEVEDRA

SERVICIO DE MONTES VECIÑAIS  
EN MAN COMÚN  
PONTEVEDRA

COTEJADO, E CONCORDADO CON ORIGINAL

Data: 12 MAY 2005  
O FUNCIONARIO ENCARGADO

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e o Xurado, có voto en contra dos representantes da comunidade veciñal, **ACORDA:**

**CLASIFICAR** como monte veciñal en man común, a favor da parroquia de **Fiolledo**, do concello de **Salvaterra do Miño** as parcelas denominadas **"Rega"** e **"Ferreiros"** de acordo coa descripción reflectida no feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

**NON CLASIFICAR** as parcelas denominadas **"Souto e Calvario"**, **"Ferrón"** e **"Cotocapelo"** por non reuni-los requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común



Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



*[Handwritten signatures and initials over the stamp]*



REGISTRO DE MONTES VECINAIS  
EN MAN COMUN  
PONTEVEDRA  
COTEJADO, E CONFORME CO ORIGINAL  
Data: 7 MAY 2005  
O FUNCIONARIO ENCARGADO



DATA: XULIO 2005  
ESCALA: 1:5000  
AUTOR: TOPOGRAFIA

*[Handwritten signature]*

TRABALLO: PLANO DE CLASIFICACIÓN  
MUNICIPIO: SALVATERRA  
CONVIVENCIA: FIOLEDO

PARROQUIA: FIOLEDO  
MONTES: MONTE "REGA" E FERREIROS

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Nº DA FOLLA:  
262-32  
262-42